

NORMAS DE PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES:

Inscripción:

1. Teñen preferencia na inscrición os/as socios/as.
2. Deberá facerse dentro do prazo habilitado a tal efecto, ingresando o prezo na conta 2091-0382-15-3000034118, e comunicando a inscrición á Asociación ben a través do e-mail (tarandeira@tarandiera.org), ben chamando ao teléfono 690038625. Tamén se pode facer a inscrición e pago no local da Asociación (Rúa do Mercado nº 27-1º Esqda. – Ordes).
3. No ingreso bancario deberá indicarse claramente a actividade obxecto de inscrición e a identidade da persoa que se anota. No caso de que se anoten varias persoas, deberán facerse tantos ingresos como persoas, co gallo de poder así identificar os ingresos.
4. A inscrición só será efectiva cando se faga o ingreso do prezo da actividade.
5. Para darse de baixa nas actividades de un día, o prazo remata tres días antes da data da actividade; nas actividades de máis de un día, o prazo remata unha semana antes.
6. Se rematado o prazo de inscrición nunha actividade non constase o ingreso ou pago do prezo, procederase a dar de baixa a esa persoa podendo ofrecer a súa praza ás persoas que estén na lista de espera.

Material:

1. Sen prexuízo das indicacións puntuais que dende o responsable da actividade se fagan, é aconsellable para as rutas de sendeirismo ir provistos de: botas de montaña, chubasqueiro, protección solar, bastón, mochila con bocadillo e auga, e cámara de fotos. É indispensable o bo ánimo.

Normas:

(de obrigado cumprimento):

1. Puntualidade.
2. Atender ás indicacións do guía, acatando a disciplina de grupo.
3. Prohibido adiantar ao guía.
4. Nos cruces e desvíos, espera ao que o que vai detrás túa para indicarlle o camiño.
5. Se por algunha razón abandonas momentaneamente o grupo, avisa para que te esperen e poder reagruparte con el.
6. En todas as rutas sempre vai pechando o grupo un membro da organización; se tes algún problema físico e non podes seguir o ritmo do resto do grupo, espera por el.